# PROGRAMACIÓN ITI

## CURSO 2017-18

## IES SAN ROSENDO DE MONDOÑEDO

# Índice:

1.- Contexto do centro ........ 3

2.- Obxectivos: ........ 4

3. Secuenciación e temporalización dos contidos 1º ESO ........ 5

4. Relacionar aspectos curriculares para cada unidade ........ 1

5. Metodoloxía ........ 8

5.1. Estratexias metodolóxicas ........ 8

5.2. Outras decisións metodolóxicas ........ 9

6. Avaliación: inicial, continua, final, extraordinaria. Pendentes. ........ 10

6.1. Procedementos de avaliación inicial ........ 10

6.2. Procedemento avaliación continua ........ 10

6.3. Procedemento avaliación final ........ 11

6.4. Procedemento de avaliación extraordinaria ........ 12

6.5. Procedemento de recuperación e avaliación de pendentes ........ **Error! Bookmark not defined.**

7.- OUTRAS AVALIACIÓNS ........ 1

8.- ATENCIÓN A DIVERSIDADE ........ 3

9. Actividades complementarias e extraescolares ........ 4

10. Datos do departamento ........ 4

# 1.- Contexto do centro

Situación

O centro acolle principalmente alumnos dos concellos de Mondoñedo, Lourenzá e Abadín, situados ó norte da provincia de Lugo.

Centros adscritos

CEIP Álvaro Cunqueiro Mora (Mondoñedo)
CEIP Juan Rey (Lourenzá)

Ensinanzas que oferta o centro

**Educación Secundaria Obrigatoria**
**Bacharelato** (Ciencias, Humanidades e Ciencias Sociais)
**Ciclos formativos**: Formación Profesional Básica: Agroxardinaría e Composicións florais
Ciclo Superior: Xestión forestal e do medio natural
Ciclo Medio: Aproveitamento e conservación do medio natural

Características singulares

O alumnado procede de núcleos con pouca poboación. Moitos deles teñen problemas para acceder a Internet coa velocidade axeitada.

*** Características do alumnado:**

Lingua materna dominante
Galego

Alumnado con NEAE no curso actual en primeiro de ESO:

| | | |
|---|---|---|
| **ESO** | con dificultades específicas de aprendizaxe | 0 |
| | con TDAH | 0 |
| | con incorporación tardía ó sistema educativo | 4 |
| | con situación desfavorable por condicións persoais | 0 |
| | De entre estos alumnos,1 ten ACS | |

Problemas sociais destacados: abandono escolar, poboación emigrante, absentismo, violencia e/ou acoso escolar, …
Nada salientable

Outras características

No caso da materia de ITI impartida en inglés, debemos constatar a falta case total de coñecementos acerca do manexo dos recursos informáticos observados tras a realización da avaliación inicial. O nivel de comprensión oral e o uso do inglés por parte do alumnado é moi desigual. Por esta razón vaise partir do máis básico para conseguir que o alumnado acade unha mínima desenvoltura en aspectos coma o manexo do procesador de textos, do que ninguén tiña case nocións, posto que, polo que parece, o ordenador e a internet son máis ben unha porta aberta ao ocio, pero con escasas aplicacións á vida académica do noso alumnado.

Tense en conta que ao desenvolver esta clase en inglés pode supoñer unha dificultade adicional que se verá compensada cos grandes beneficios do uso de outra lingua.

## 2.- Obxectivos:

Tendo en conta as dificultades do noso alumnado, guiarémonos polos obxectivos establecidos a continuación e tentaremos conseguilos aínda que non podan acadarse todos os contidos e estándares que estableceremos máis tarde. O importante é que se consiga un mínimo dominio nos procedementos de procura, avaliación e tratamento da información, así como no proceso de investigación, non sendo imprescindible que a mesma sexa exposta oralmente, aínda que si se plasmará nun traballo final por parte do alumnado que manifeste a consecución dos obxectivos.

Os nosos obxectivos, por tanto, serán:

| | |
|---|---|
| 1 | Saber manexar diversas aplicacións informáticas empregando os menús en inglés |
| 2 | Saber manexar procesadores de texto de xeito eficiente |
| 3 | Coñecer técnicas para a elaboración e mellora de presentacións de traballos |
| 4 | Usar, modificar e gravar son e imaxes para usalas nos traballos. |
| 5 | Contrastar (de ser o caso) diversas fontes de información na rede. |
| 6 | Desenvolver as competencias do alumnado mediante as actividades propostas traballando desde un punto de vista multidisciplinar, principalmente no que se refire á mellora do inglés a nivel lectura, escritura tanto na produción como na comprensión da linguaxe. |
| 7 | Mellorar o uso do inglés de xeito máis eficiente. |
| 8 | Empregar as TIC para realizar o tratamento da información e a súa difusión. |
| 9 | Fomentar a aprendizaxe en grupo, entre iguais e o traballo en colaboración. |
| 10 | Aproveitar os recursos que a rede nos proporciona para a mellora do idioma. Saber se é posible incorporalos legalmente aos seus traballos. |

# 3. Secuenciación e temporalización dos contidos 1º ESO

| Avaliación | UNIDADES DIDÁCTICAS | | | Referencia Libro texto | Temporalización | | Probas avaliación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Tema / U.D. | Bloque | Contido | | Mes | Sesións | |
| 1ª Avaliación | | **B1** | **BLOQUE 1: compoñentes do ordenador** | | | | |
| | 1 | B1.1 | Vocabulario específico de informática: termos en inglés e español | Apuntes | Setem/ outubr. | | X |
| | | B1.2 | Relación dos vocábulos cos seus debuxos e definicións | | | | |
| | | B1.3 | Usos dos distintos compoñentes de hardware e software. | | | | |
| | | B1.4 | Apertura, modificación e almacenamento dun documento | | | | |
| | | B1.5 | Diferenza entre gardar e gardar como. | | | | |
| | | B1.6 | Importancia do almacenamento virtual de documentos de traballos | | | | |
| | | B1.7 | Abrir unha conta de correo con consentimento dos seus titores legais | | | | |
| | | B1.8 | Gardar o mesmo documento en distintas localizacións do disco duro e en memorias externas. Usar o correo para gardar información. | | | | |
| | | B1.9 | Darse de alta na aula virtual do instituto e usala só para o seu fin | | | | |
| | | **B2** | **BLOQUE 2: PROCURA e TRATAMENTO DA INFORMACIÓN. Elaboración de textos con imaxes e táboas** | | | | |
| | 2 | B2.1 | O procesador de textos | Apuntes | Nov / Dec | | X |
| | | B2.2 | Resaltar partes dun documento con negriña, cursiva, subraiado, numeración e viñetas, espaciadores. | | | | |
| | | B2.3 | Elaboración e modificación de táboas | | | | |
| | | B2.4 | Inserción de imaxes en textos e táboas | | | | |
| | | B2.5 | Análise e comprensión da información atopada. | | | | |
| | | B2.6 | Interpretación e valoración da información atopada. | | | | |
| | | B2.7 | Proceso da información: extracción e síntese. | | | | |
| | | B2.8 | Importancia e uso do corrector de ortografía | | | | |

| Avaliación | UNIDADES DIDÁCTICAS | | | Referencia Libro texto | Temporalización | | Probas avaliación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Tema / U.D. | Bloque | Contido | | Mes | Sesións | |
| 2ª Avaliación | | **B3** | **BLOQUE 3: FONTES INFORMATIVAS. LOCALIZACIÓN E SELECCIÓN** | | | | |
| | 3 | B3.1 | Recursos dixitais. Internet como fonte de información. | Apuntes | Xan/ Feb | | X |
| | | B3.2 | Necesidade dun plan de procura de información. Palabras clave e outras estratexias de procura. Motores de procura. | | | | |
| | | B3.3 | Beneficios e riscos da rede. Dereito de privacidade. | | | | |
| | | B3.4 | Fiabilidade dos espazos web. | | | | |
| | | B3.5 | Recursos físicos. Sistemas estandarizados de organización da biblioteca. | | | | |
| | | B3.6 | Procuras no catálogo informatizado da biblioteca escolar. | | | | |
| | | B3.7 | Espazos web e redes sociais como plataformas de comunicación e información. | | | | |
| | | B3.8 | Internet e as creacións colectivas: Galipedia, Wiikipedia, etc. | | | | |
| | | B3.9 | Dereitos de autoría | | | | |
| | | **B4** | **BLOQUE 4: XERACIÓN DE CONTIDOS E COMUNICACIÓN** | | | | |
| | 4 | B4.1 | Tratamento e edición de produtos dixitais (presentacións, vídeos, etc.). | Apuntes | Mar | | X |
| | | B4.2 | Gravación, escoita e modificación de audio. | | | | |

| Avaliación | UNIDADES DIDÁCTICAS | | | Referencia Libro texto | Temporalización | | Probas avaliación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Tema / U.D. | Bloque | Contido | | Mes | Sesións | |
| 3ª Avaliación | | **B5** | **BLOQUE 5: ORGANIZARSE PARA INVESTIGAR** | | | | |
| | 5 | B5.1 | Procesos de investigación. | Apuntes | Abril/ Maio | | |
| | | B5.2 | Planificación dun proxecto de investigación. | | | | |
| | | B5.3 | Traballo en grupo. | | | | |
| | | B5.4 | Preparación da procura informativa. | | | | |
| | | **B6** | **BLOQUE 6: XERACIÓN DE CONTIDOS E COMUNICACIÓN** | | | | |
| | 6 | B6.1 | Organización e reelaboración da información. | Apuntes | Maio/ Xuño | | X |
| | | B6.2 | Estruturación da información recollida mediante gráficos, diagramas, etc. | | | | |
| | | B6.3 | Reelaboración e personalización da información. | | | | |
| | | B6.4 | Presentación dos produtos informativos propios. Pautas para a presentación de traballos escritos. | | | | |
| | | B6.5 | Elaboración de materiais de apoio ás presentacións orais. | | | | |
| | | B6.6 | Citas e referencias nos traballos informativos (artigos, monografías, presentacións, produtos audiovisuais, etc.). | | | | |
| | | B6.7 | Exposicións orais dos traballos realizados. Escoita atenta e respecto polo traballo das demais persoas. | | | | |
| | | B6.8 | Avaliación e aplicación das aprendizaxes realizadas a través dos traballos de investigación á vida persoal, académica e social. | | | | |

## LENDA TRANSVERSAIS

| | |
|---|---|
| CL | Comprensión lectora |
| EOE | Expresión oral e escrita |
| CA | Comunicación audiovisual |
| TIC | Tecnoloxías da información e comunicación |
| EMP | Emprendemento |
| EC | Educación cívica |
| PV | Prevención da violencia |

## LENDA COMPETENCIAS

| | |
|---|---|
| CCL | Comunicación lingüística |
| CMCCT | Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía |
| CD | Competencia dixital |
| CAA | Competencia aprender a aprender |
| CSC | Competencias sociais e cívicas |
| CSIEE | Sentido de iniciativa e espírito emprendedor |
| CCEC | Conciencia e expresións culturais |

# 4. Relacionar aspectos curriculares para cada unidade

| 1ª Aval | Estándares de aprendizaxe avaliables /Indicadores de logro (1) | Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación | Temas transversais |
|---|---|---|---|

| Tema/UD | Identif. contidos | Identif. criterios | Identific Estándar | Competencias clave | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo consec. | Instrumentos | | | | | Temas transversais | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | Prob esc. | Prob oral | Trab ind | Trab grup | Obs. | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
| 1 | B1.1 | B1.1 | B1.1.1 | CCL/CD<br>CAA /CCEC | É quen de identificar e nomear os distintos compoñentes do hardware e software dun sistema informática. | 100% | 40% | 40% | | | 20% | X | X | | | | X | |
| | B1.2 | | B1.1.2 | CCL/CD<br>CAA /CSIEE | Coñecer a función de cada un destes compoñentes | 100% | | | | | | | | | X | | | |
| | B1.3 | B1.2 | B1.1.1 | CMCCT/CD<br>CAA /CSIEE | Usa de xeito eficaz e responsable o hardware e o software proposto. | 50% | | | 80% | | | | | X | X | X | X | X |
| | B1.4 | B1.3 | B1.3.1 | CD/CAA<br>CSIEE | Descarga, modifica, almacena e recupera eficazmente distintos documentos en dispositivos de almacenamento físico e almacenamento virtual. | 100% | | | 80% | | | X | X | X | X | X | X | X |
| | B1.5 | | | CD/CAA<br>CSIEE | | 100% | | | | | | X | X | X | X | X | X | X |
| | B1.6 | | | CD/CAA<br>CSIEE | | 100% | | | | | | X | X | X | X | X | X | X |
| | B1.7 | | | CD/CAA<br>CSIEE | | 100% | | | | | | X | X | X | X | X | X | X |
| | B1.8 | | | CD/CAA<br>CSIEE | | 100% | | | | | | X | X | X | X | X | X | X |
| | B1.9 | B1.4 | B1.4.1 | CCL /CD<br>CAA /CSC<br>CSIEE /CCEC | Intervén nas redes sociais creadas no seu centro respectando as finalidades para as que foron creadas: educativa, | 100% | | | 80% | | | | | X | X | X | X | X |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | participativa, etc | | | | | | | | | | | | | |
| | B2.1 | B2.1 | B2.1.1 | CD/CAA /CSC CSIEE | Coñece, valora e usa distintos tipos de procesadores de texto | 100% | | | | | | X | X | | X | | | |
| | B2.2 | | B2.1.2 | CCL /CD/CAA CSIEE | Usa eficazmente os recursos dos procesadores de texto para a elaboración e mellora de distintos textos. | 100% | | | | | | X | X | X | X | X | X | X |
| | B2.3 | B2.2 | B2.2.1 | CCL CD/CAA CSIEE | Introduce, modifica e mellora táboas para organizar a información | 100% | | | 80% | | | X | X | X | X | X | X | X |
| 2 | B2.4 | B2.3 | B2.3.1 | CCL /CD/CAA CSIEE | Manexa, coloca, pega e modifica imaxes en textos e en táboas | 50% | | | | | 20% | X | X | X | X | X | | |
| | B2.5 | | | CCL CD/CAA | | 20% | | | | | | X | X | X | X | X | X | X |
| | B2.6 | | | CCL CD/CAA | Manexo e interpretación axeitada da información textual recibida e elaborada. | 50% | | | | 80% | | X | X | X | X | X | X | X |
| | B5.7 | B2.4 | B2.4.1 | CCL CD/CAA | | 50% | | | | | | X | X | X | X | X | X | X |
| | B2.8 | B2.5 | B2.5.1 | CCL CD/CAA CSIEE | Comprende a importancia e usa o corrector ortográfico sempre que realice e presente un traballo. | **100%** | | | 80% | | | X | X | | X | | | |

| 2ª Aval | Estándares de aprendizaxe avaliables /Indicadores de logro (1) | Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación | Temas transversais |
|---|---|---|---|
| | | | |

| Tema/UD | Identif. contidos | Identif. criterios | Identific Estándar | Competencias clave | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo consec. | Instrumentos | | | | | | Temas transversais | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | Prob esc. | Prob oral | Trab ind | Trab grup | Cad Cla | Obs. | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
| 3 | B3.1 | B3.1 | B3.1.1 | CCL /CD<br>CAA /CSC<br>CSIEE /CCEC | Usa internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información. | 100% | | | 80% | | | 20% | X | X | X | X | X | X | X |
| | B3.2 | | B3.1.2 | CCL /CD<br>CAA /CSC<br>CSIEE | Establece un sistema de procura eficaz de información. Utiliza palabras clave e aplica estratexias eficaces de procura para localizar información na web | 100% | | | | | | | X | X | X | X | X | X | X |
| | B3.3 | B3.2 | B3.2.1 | CCL /CD<br>CAA /CSC<br>CSIEE /CCEC | Utiliza internet valorando as características deste medio en relación a aspectos como a permanencia, a fiabilidade, a veracidade, a organización, a selección, a gratuidade, a dispoñibilidade, a autoría, etc. | 100% | | | | | | | X | X | X | X | X | X | X |
| | B3.4 | | | CCL /CD<br>CAA /CSC<br>CSIEE /CCEC | | 100% | | | | | | | X | X | X | X | X | X | X |
| | | | B3.2.2 | CD<br>CAA /CSC<br>CSIEE | Identifica produtos informativos diferentes en función das súas necesidades e dos seus obxectivos de traballo. | 100% | | | | | | | X | X | X | X | X | | |
| | | | B3.2.3 | CCL /CD<br>CAA /CSC<br>CSIEE /CCEC | Distingue webs fiables en función de determinados criterios: autoría, data de actualización, tipo de dominio, finalidades, publicidade, contacto, etc. | 100% | | | | | | | X | X | X | X | X | X | X |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | B3.5 | | B3.3.1 | CCL /CD<br>CAA /CSC<br>CSIEE /CCEC | Localiza os recursos dispoñibles e acordes á súa necesidade informativa. | 50% | | | | | | | X | X | X | X | X | | |
| | | | B3.3.2 | CCL /CD<br>CAA /CSC<br>CSIEE /CCEC | Utiliza a biblioteca do centro na procura de recursos informativos para os seus traballos individuais e grupais. | 50% | | | | | | | X | X | X | X | X | | |
| | B3.6 | B3.3 | B3.3.3 | CCL /CD<br>CSC<br>CSIEE /CCEC | Utiliza outros tipos de biblioteca aos que pode ter acceso no seu contorno máis próximo. | 50% | | | | | | | X | X | X | X | X | | |
| | | | B3.4.1 | CCL /CD<br>CSC<br>CSIEE | Accede de forma autónoma a contidos audiovisuais, presenciais ou virtuais. | 100% | | | | 80% | | 20% | X | X | X | X | X | X | X |
| | B3.7 | B3.4 | 3.4.2 | CCL /CD<br>CAA /CSC<br>CSIEE /CCEC | Navega por internet con seguridade preservando a súa identidade e a súa privacidade. | 100% | | | | | | | X | X | X | X | X | X | X |
| | B3.8 | B3.5 | B3.5.1 | CCL /CD<br>CAA /CSC<br>CSIEE /CCEC | Emprega as creacións colectivas en internet: Wikipedia, Galipedia, etc. | 100% | | | | | | | X | X | X | X | X | | |
| | B3.9 | B3.6 | B3.6.1 | CCL /CD<br>CSC<br>CSIEE /CCEC | Identifica e respecta a autoría de textos ou imaxes. | 100% | | | | | | | X | X | X | X | X | X | X |
| | | | B4.1.4 | CD<br>CAA<br>CSIEE /CCEC | Incorpora imaxes aos seus traballos de investigación. | 100% | | | | | | | | | X | X | X | | |
| | | | B4.1.2 | CCL /CD<br>CAA<br>CSIEE /CCEC | Representa mediante gráficos, diagramas, cadros de dobre entrada, organigramas, etc., parte da información | 60% | | | | | | | X | X | X | X | X | | |
| | B4.1 | B4.1 | B4.1.3 | CCL /CD<br>CAA<br>CSIEE /CCEC | Usa aplicacións informáticas para presentar a información en forma de diapositivas. | 100% | | | | 40% | 40% | 20% | X | X | X | X | X | | |
| | | | B4.2.1 | CD/CAA<br>CSIEE /CCEC | Grava son e imaxe para mellorar a súa comprensión e expresión oral en inglés. | 100% | | | | | | | | X | X | X | X | | |
| | B4.2 | B4.2 | B4.2.2 | CD<br>CAA /CSC<br>CSIEE /CCEC | Incorpora son e imaxes ás súas presentacións mediante enlaces a arquivos destes tipos tanto de produción propia como de produción allea tendo en conta os dereitos de autoria | 100% | | | | | | | | X | X | X | X | X | X |

| 3ª Aval | Estándares de aprendizaxe avaliables /Indicadores de logro (1) | Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación | Temas transversais |
|---|---|---|---|

| Tema/UD | Identif. contidos | Identif. criterios | Identific Estándar | Competencias clave | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo consec. | Instrumentos | | | | | | Temas transversais | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | Prob esc. | Prob oral | Trab ind | Trab grup | Cad Cla | Obs. | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
| | | | B5.1.1 | CCL/CD/CAA | Compara a información recollida en distintas fontes informativas na rede. | 100% | | | | | | | X | X | X | X | | X | |
| | B5.1 | | B5.1.2 | CCL/CD/CAA | Contrasta a información recollida na rede con outras fontes orais ou impresas. | 100% | | | 40% | 40% | | | X | X | X | X | | X | |
| | | | B5.1.3 | CAA/ CSIEE | Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases. | 100% | | | | | | | X | | | | | | |
| 5 | B5.2 | B5.1 | B5.1.4 | CCL/CAA | Elabora un esquema do traballo que se vaia realizar. | 50% | | | | | | 20% | X | X | | | X | | |
| | | | B5.2.1 | CCL/CAA/CSC | Escoita aos integrantes do grupo, garda a quenda de palabra, argumenta as súas opinións e respecta as opinións das outras persoas. | 100% | | | | | | | X | X | | | | X | X |
| | B5.3 | B5.2 | B5.2.2 | CAA/CSC | Contribúe á distribución de tarefas e responsabilízase das que lle corresponden. | 100% | | 40% | | 40% | | | | | | | X | X | X |
| | B5.4 | B5.3 | B5.3.1 | CCL/CAA | Formula preguntas sobre o tema sobre o que se vaia investigar. | 100% | | | | | | | X | X | | | | | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | B5.3.2 | CCL/CAA | Concreta os conceptos clave que van guiar o traballo de procura de información. | **100%** | | | | 80% | | | X | X | | | X | | |
| | B6.1 | | B6.1.1 | CCL/CD/CAA | Realiza esquemas, mapas conceptuais, guións, etc., para organizar a información que se quere presentar. | 50% | | | | | | | X | X | | | X | | |
| | B6.2 | | B6.1.2 | CCL/CD/CAA | Representa mediante gráficos, diagramas, cadros de dobre entrada, organigramas, etc., parte da información recuperada. | 20% | | | | | | | X | X | | | X | | |
| | B6.3 | B6.1 | B6.1.3 | CCL/CD/CAA | Elabora guións para estruturar os textos creados a partir da información reunida. | 50% | | | | | | | X | X | | | X | | |
| | B6.4 | B6.2 | B6.2.1 | CCL/CD/CAA | Presenta os seus traballos segundo unhas pautas consensuadas: paxinación, índice, bibliografía, etc. | **100%** | | | | | | | | X | X | X | X | | |
| | | | B6.3.1 | CCL/CD | Elabora textos propios mediante un procesador de textos. | **100%** | | | | | | | X | X | X | X | | | |
| | | | B6.3.2 | CCL/CD | Elabora material de apoio para as súas presentacións orais. | 50% | | | | | | | X | X | X | | X | | |
| | B6.5 | B6.3 | B6.3.3 | CCL/CD/ CAA | Realiza sinxelas presentacións para amosar o resultado dos seus traballos de investigación. | 50% | | | 80% | | | 20% | X | X | X | X | | | |
| | | | B6.4.1 | CAA/CD CSC/CCEC | Cita con corrección as fontes de información consultadas. | **100%** | | | | | | | X | X | | | | | |
| | B6.6 | B6.4 | B6.4.2 | CCL/CD CAA/CSC | Segue unha pauta para facer a referencia de artigos de revistas, música, películas, páxinas de internet, autoría de imaxes, etc. | **100%** | | | | | | | X | X | | | X | | |
| | | | B6.5.1 | CCL/CSIEE | Participa na presentación oral dos traballos elaborados. | 50% | | | | | | | X | X | X | X | X | X | |
| | | | B6.5.2 | CCL/CSC CSIEE | Defende con argumentos as opinións propias e respecta o traballo alleo. | **100%** | | | | | | | X | X | | | | X | X |
| | B6.7 | B6.5 | B6.5.3 | CCL/CSC | Escoita con atención as presentacións dos compañeiros e das compañeiras, e valora con argumentos o seu traballo. | **100%** | | | | | | | X | X | X | | | X | X |
| 6 | B6.8 | B6.6 | B6.6.1 | CAA/CSIEE | Avalía, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación, | 50% | | | | | | | X | X | | | | X | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | individual ou grupal. | | | | | | | | | | | | | | |
| | | | B6.6.2 | CAA/CSIEE | Identifica e valora as aprendizaxes realizadas. | 100% | | | | | | | X | X | | | X | X | |
| | | | B6.6.3 | CAA/CSC | Valora con criterio e respecto o traballo das outras persoas | 100/% | | | | | | | X | X | | | | X | X |
| | | | B6.6.4 | CAA/CSIEE | Incorpora as aprendizaxes realizadas a novos procedementos de traballo e de relación no medio escolar e social. | 100/% | | | | | | | X | X | | | X | X | |

# 5. Metodoloxía

## 5.1. Estratexias metodolóxicas

1. **Aspectos xerais**

Esta materia é fundamentalmente práctica da informática a través da lingua inglesa, polo que o importante é a observación da evolución do alumnado no desempeño da súa actividade.

Partiremos da observación inicial para establecer o punto de partida, que se iniciará cunha toma de contacto Isto suporá o acceso á información dixital e o traballo co alumnado a través da aula virtual, onde terán que e o estudo ou repaso das partes e funcionamento dos distintos tipos de ordenadores en inglés, español e galego. Logo tratarase de desenvolver o seu traballo individual e en grupo por medio de distintas tarefas propostas.

A primeira e a segunda avaliación serán fundamentalmente un achegamento aos recursos e ao seu emprego (acceso á internet, procura de información, manexo do procesador de textos, dereitos de autoría…), mentres que na terceira o alumnado elaborará un traballo no que se aplicará todo o aprendido nas outras dúas avaliacións. A nosa materia colaborará coa de Lingua inglesa para o asesoramento e práctica conxunta das diversas actividades.

A información recollida será reelaborada polo alumnado e tratada dixitalmente, de modo que dela resulte un traballo escrito que manifeste a consecución dos obxectivos e a adquisición das estratexias establecidos. Se hai posibilidade de expolo oralmente, farase.

O traballo poderá ir acompañado de audios ou vídeos, gráficos imaxes, táboas, efectos, sons.

## 2. Estratexias metodolóxicas

- Presentación dos contidos
- Realización de tarefas relacionadas cos contidos traballados
- Extracción do tema principal e das ideas secundarias dos textos
- Elaboración de sínteses
- Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa,…
- Colaboración entre iguais para a resolución de problemas
- Traballo en grupo
- Resolución de dúbidas e problemas
- Valoración das aprendizaxes

## 3. Secuenciación habitual de traballo na aula

Información do profesor/a:
- Información básica para todo o alumnado
- Resolución de tarefas de aplicación dos conceptos estudados e plantexamento de dúbidas
- Apoio e reforzo individualizado de conceptos

Traballo persoal
- Resolución de dúbidas, exercicios e tarefas propostas pola profesora
- Elaboración de traballos individualizados e en grupo.

Avaliación:
- Observación do traballo na aula: terase en conta a realización das actividades, o traballo colaborativo, as intervencións orais, a escoita activa, o respecto aos compañeiros…
- Análise de producións: traballos individuais e en equipo…

### 5.2. Outras decisións metodolóxicas

1. **Tempos**: os tempos serán os previamente establecidos na secuenciación, pero poden axustarse ás necesidades do noso alumnado, de modo que. se é necesario afondar máis nalgún aspecto e isto saca tempo ao desenvolvemento da programación, cremos fundamental a consecución dos contidos mínimos aínda que non se logre impartir a totalidade dos programados.

2. **Espazos**: fundamentalmente empregarase a aula de informática ou a súa aula de referencia e, cando sexa preciso, a sala da biblioteca.

3. **Materiais**: empregamos os recursos impresos e dixitais que proporciona a biblioteca e todos os que podamos conseguir na rede, sempre e cando se adecuen ás nosas necesidades. O noso soporte é a aula vitual, a través da que se realizarán todas as tarefas propostas e se entregarán os traballos solicitados.

4. **Recursos didácticos**: partimos da aula virtual, pero botamos man doutros recursos que nos permitan a exposición dos traballos elaborados polo alumnado (soportes para subir os vídeos, imaxes...

# 6. Avaliación: inicial, continua, final, extraordinaria. Pendentes.

## 6.1. Procedementos de avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo a principios de curso, nas primeiras semanas de clase, e consistirá na observación directa das actividades e intervencións do alumnado durante o período de desenvolvemento da mesma.
Os resultados desta avaliación serán tratados durante a reunión que se estableza no centro para poñer en común a información obtida do alumnado e será comunicada ás familias se se considera relevante, sobre todo se é necesario realizar adaptacións curriculares ou se precisan apoios individualizados.
Partindo da información recollida durante a avaliación inicial tomaranse as medidas oportunas para traballar co grupo-clase e mellorar o seu rendemento académico.

## 6.2. Procedemento avaliación continua

Na avaliación teranse en conta varios instrumentos e criterios:

- Un 80% virá determinado pola media de todas as cualificacións dos traballos ou probas escritas e orais que se requiran ao longo da avaliación coas seguintes condicións:
    - Haberá un mínimo de catro recollidas de notas por avaliación procedentes de traballos en ordenador, probas escritas ou probas orais por avaliación.
    - O alumnado recibirá unha nota por cada unha destas actividades.
    - As distintas actividades farán media entre si.
    - Cada unha destas actividades pode ser dividida en varias partes que farán media entre si, por exemplo dentro dunha mesma actividade pode haber unha parte oral, outra de busca de información ou outra de elaboración dos documentos pedidos, dando lugar a unha soa nota.
    - Dos 10 puntos de cada actividade dous corresponderán á entrega das mesmas no prazo pedido. Polo tanto o alumnado que, sen xustificación debida, entregue as actividades entre a data final e a seguinte clase restaráselle un punto. Se a entrega é na seguinte sesión restaranse dous puntos.
- O último 20% virá dado polo comportamento da alumna ou alumno con respecto ao resto da clase, é dicir, aos seus compañeiros e ao profesorado e a súa actitude cara ao estudo e aprendizaxe da materia, o uso da lingua inglesa, tanto cando se traballa de xeito individual como en grupo.
    - A entrega de dúas actividades fóra de prazo significa a perda de da metade desta porcentaxe.
    - A entrega de máis de dúas actividades fóra de prazo, a entrega de actividades plaxiadas ou o desprezo ao traballo dos compañeiros, especialmente nas actividades orais, considerarase unha actitude gravemente negativa polo que se puntuará con un cero este apartado.

- Para aprobar unha avaliación as notas de cada unha das probas recollidas non poderán ser inferiores a 4 agás que se superara unha recuperación das mesmas antes da finalización da mesma. En todo caso a materia tratada nos traballos ou probas orais e escritas non se considerará superada por debaixo de 4,75 polo que

aínda que na avaliación apareza aprobado haberá que recuperar as probas con nota inferior a 4,75.

- A nota final de curso virá dada pola media aritmética do resultado de cada avaliación sen ter en conta o redondeo. A media de cada avaliación deberá ser ao menos de 4 unha vez feitas todas as recuperacións pertinentes. Neste caso o redondeo poderá incluír o paso á nota inmediatamente superior á proporcionada pola media aritmética no caso do alumnado que nunca tivera que facer recuperacións e que non levara máis de un cero nas notas recollidas ao longo do curso. O anterior beneficio só poderá aplicarse sempre que non quede excluído do mesmo ningún alumno ou alumna en condicións de recibilo.
- Ao alumnado que tivera que facer recuperacións no redondeo non se lle aplicarán estes beneficios
- No caso de ter que facer un exame final en xuño este estará dividido en tantas partes coma traballos ou exames escritos se teñan feitos. Cada parte avaliarase independentemente e aterase aos criterios que rexen en cada traballo cualificado ou exame feito.

<u>Para aprobar a materia na avaliación ordinaria (xuño)</u> ten que darse un destes dous casos:

- ☞ Ter todos os traballos escritos e orais ou traballos e as presentacións do curso eliminados (nota superior a 4,75 en cada un deles) á primeira, na recuperación ou no exame final.
- ☞ Que a media das tres avaliacións sexa superior a 4,5 sempre que se cumpra que a nota de cada traballo cualificado ou exame feito ao longo do curso (á primeira, na recuperación ou no final) sexa superior ao 4.

## 6.3. Procedemento avaliación final

O alumnado que non teña superado algunha avaliación ou todas elas terá que acodir ao exame final ordinario, que consistirá en tarefas que inclúa os contidos mínimos establecidos na secuenciación. Pode ser en soporte de papel ou en soporte virtual.

No caso de que algún alumno/a perda o dereito a avaliación continua, terá dereito a un exame final en xuño que incluirá todos os contidos desenvoltos durante o curso. A cualificación obtida no dito exame suporá o 100% da nota.

O alumnado coa materia pendente deberá realizar as tarefas de recuperación que as profesoras establezan por avaliación e superalas. Tales tarefas serán entregadas a través do correo electrónico, na aula virtual ou en pen Drive no plazo establecido e incluirán os contidos mínimos establecidos na secuenciación. A tarefa pode consistir, a xuízo da profesora, nun traballo individual de investigación que supoña o consecución dos anteditos contidos mínimos.

A <u>nota final ordinaria</u> de **xuño** será a que resulte da media ponderada das tres avaliacións, sendo necesario ter superadas as tres para aprobar a materia.

<u>Para aprobar a materia na avaliación ordinaria (xuño)</u> ten que darse un destes dous casos:

- ☞ Ter todos os exames escritos ou traballos cualificados e as presentacións do curso eliminados (nota superior a 4,75 en cada un deles) á primeira, na recuperación ou no exame final.

- Que a media das tres avaliacións sexa superior a 4,5 sempre que se cumpra que a nota de cada exame feito ao longo do curso (á primeira, na recuperación ou no final) sexa superior ao 4.

## 6.4. Procedemento de avaliación extraordinaria

Exames extraordinarios de setembro:

- Que tipo de proba se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.
- Nun exame que terá tantas partes como traballos cualificados ou probas escritas se fixeran durante o curso, ningunha destas partes poderán deixarse en branco para poder superala. Se algunha parte que era avaliada só por traballo e exposición non fora presentada e superada no seu momento, incluirase un novo bloque de preguntas que trate ese tema. Ese exame poderá ser en papel ou en ordenador.
- Pódense deseñar preguntas obrigatorias ou preguntas a elixir dentro de cada un dos bloques da proba.

- Na avaliación extraordinaria (setembro):
- O alumnado será avaliado exclusivamente polo exame extraordinario.

- Como se cualifica, redondeos, etc?
- A cualificación virá dada ao lado de cada pregunta. Da suma total farase a correspondente proporción tendo en conta o número de preguntas obrigatorias propostas.

# 7.- OUTRAS AVALIACIÓNS

| **1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente** (Indicadores de logro) | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Proceso de ensino:** | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado? | | | | |
| 2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe? | | | | |
| 3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física? | | | | |
| 4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado? | | | | |
| 5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado? | | | | |
| 6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado? | | | | |
| 7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE? | | | | |
| 8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE? | | | | |
| 9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado? | | | | |
| 10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación? | | | | |
| 11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula? | | | | |
| 12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo? | | | | |

| **Práctica docente:** | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| 1.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado | | | | |
| 2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa? | | | | |
| 3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade | | | | |
| 4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE? | | | | |
| 5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas? | | | | |
| 6.- Intercálase o traballo individual e en equipo? | | | | |
| 7.- Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe | | | | |
| 8.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar? | | | | |
| 9.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc? | | | | |
| 10.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc? | | | | |
| 11.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos? | | | | |
| 12.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado? | | | | |
| 13.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas? | | | | |
| 14.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares | | | | |
| 15.- Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ? | | | | |

## 2.- Avaliación da programación didáctica

### 1.- Mecanismo revisión

A avaliación revisarase trimestralmente, posto que debemos axustar os tempos segundo o grao de desenvolvemento da mesma e as dificultades atopadas no alumnado.
En caso de desfase, tentarase acadar os obxectivos establecidos para o curso en cuestión, prescindindo daqueles estándares que podan ser desenvoltos en cursos posteriores por outras materias.

| 2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| (Indicadores de logro) | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo? | | | | |
| 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos? | | | | |
| 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización? | | | | |
| 4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación? | | | | |
| 5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista? | | | | |
| 6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas | | | | |
| 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia? | | | | |
| 8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ? | | | | |
| 9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación? | | | | |
| 10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais que se ían desenvolver? | | | | |
| 11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento? | | | | |
| 12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula? | | | | |
| 13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados? | | | | |
| 14.- O material empregado é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado? | | | | |
| 15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma? | | | | |
| 16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares? | | | | |
| 17.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc. | | | | |
| 18.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación | | | | |
| 19.- Fixáronse criterios para a avaliación final? | | | | |
| 20.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria? | | | | |
| 21- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes? | | | | |
| 22.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes? | | | | |
| 23.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar? | | | | |
| 24.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares? | | | | |
| 25.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE? | | | | |
| 26.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas? | | | | |
| 27.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos? | | | | |
| 28.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15) | | | | |
| 29.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso | | | | |
| 30.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro? | | | | |
| 31.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia? | | | | |

Observacións:

# 8.- ATENCIÓN A DIVERSIDADE

**Medidas de atención á diversidade no presente curso**

**MEDIDAS ORDINARIAS**

| Medidas ordinarias | Medias extraordinarias |
|---|---|
| Organizativas | Curriculares |
| 1. Adecuouse a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo? Non<br><br>a) Tempos diferenciado, horarios específicos, etc.<br><br>b) Espazos diferenciados?<br><br>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados?<br><br>2. Faise algún desdobramento de grupos?<br><br>Non<br><br>3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula?<br>Non<br><br>4. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a?<br>Non<br><br>5. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a?<br>Non<br><br>6. Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia?<br>O alumnado que acuda á aula de convivencia terá que cumplir co horario establecido e levará o traballo da materia para realizalo segundo o seu horario. Cando a profesora que lle imparta clase teña dispoñibilidade horaria, pasará pola aula para aclararlle dúbidas sobre a realización das actividades e explicarlle os conceptos que non comprendese.<br>Os exames terá que facelos na aula ordinaria, de modo que, se estivese na aula de convivencia, deberá subir á clase de referencia durante a hora correspondente para realizar os exames. | 1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.?<br><br>Non<br><br>2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a?<br>Non<br><br>3. Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO?<br>Non.<br><br>4. Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais (2º ESO)?<br><br>Non.<br><br>5. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia?<br>Non.<br><br>6. Aplicase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?<br>Non. |

**Medidas de atención á diversidade no presente curso**

**MEDIDAS EXTRAORDINARIAS**

| Medidas ordinarias | Medias extraordinarias |
|---|---|
| Organizativas | Curriculares |
| 1. Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL?<br>Ningún<br><br>2. Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)?<br>Non<br><br>3. Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular( Al. estranxeiro)?<br>Non<br><br>4. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.?<br>Non. | 1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas?<br>Non<br><br>2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico?<br>Non<br><br>3. Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)?<br>Si, en 2º e 3ºESO.<br><br>4. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización?<br>Non.<br><br>5. Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc<br><br>Non hai |

# 9. Actividades complementarias e extraescolares

Non hai nesta materia

# 10. Datos do departamento

| Materia | Curso | Grupos | Profesor/a |
|---|---|---|---|
| Investigación e Tratamento da Información | 1º ESO | A<br>B | María del Carmen Doural Rega |